

de acordo coas instrucións do fabricante dos equipos compoñentes.»

XVII. ITE 09.4:

Modifícase o parágrafo 5.º coa redacción:

«Instalarase un dispositivo manual de parada do xerador, nun lugar accesible.

As instalacións estarán dotadas dun sistema de regulación cun termóstato ou cun regulador, actuando polo sinal dunha sonda de temperatura situada no local de maior carga térmica.

Instalaranse válvulas termostáticas en tódolos radiadores, non sendo preceptivo nos situados en locais como aseos, cuartos de baño, cociñas, vestíbulos, corredores e por suposto, nos do local dotado da sonda de temperatura de regulación xeral.»

23470 *REAL DECRETO 1219/2002, do 22 de novembro, polo que se modifica o Real decreto 1521/1984, do 1 de agosto, polo que se aproba a Regulamentación técnico-sanitaria dos establecementos e produtos da pesca e a acuicultura con destino ó consumo humano.* («BOE» 289, do 3-12-2002.)

O Real decreto 1193/2000, do 23 de xuño, polo que se completa o anexo IV do Real decreto 1521/1984, do 1 de agosto, polo que se aproba a Regulamentación técnico-sanitaria dos establecementos e produtos da pesca e a acuicultura con destino ó consumo humano, en aplicación do punto 3 do artigo 5 do Regulamento (CEE) número 1536/92, do 9 de xuño de 1992, polo que se aproban as normas comúns de comercialización para as conservas de atún e bonito, autoriza a denominación «atún claro» unicamente para as conservas esterilizadas termicamente da especie de atún «Thunnus albacares» (atún amarelo ou yellowfin), completando o anexo IV do Real decreto 1521/1984.

Así mesmo, en virtude da facultade conferida polo citado regulamento, pode darse que noutros estados membros, ou nos estados que forman parte do Acordo sobre o Espacio Económico Europeo, se encontren recoñecidas legalmente baixo a mesma denominación «atún claro» conservas de atún elaboradas con especies diferentes da recoñecida en España.

En consecuencia, e co obxecto de evitar crear obstáculos á libre circulación de mercadorías, procede establecer as medidas necesarias para que os ditos produtos poidan comercializarse en España coa denominación prevista polas disposicións legais, regulamentarias ou administrativas aplicables no país do cal son orixinarios, sempre que esta se complete coa indicación da especie de que se trate, de xeito que lle permita ó comprador coñecer a súa natureza real e distinguilo dos produtos cos cales podería confundirse.

No proceso de elaboración desta norma foron consultadas as comunidades autónomas e oídos os sectores afectados, emitindo informe favorable a Comisión Interministerial para a Ordenación Alimentaria.

O disposto neste real decreto ten carácter de normativa básica estatal, ó amparo do disposto polo artigo 149.1.13.^a da Constitución, que lle atribúe ó Estado a competencia exclusiva sobre as bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación e da ministra de Sanidade e Consumo, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 22 de novembro de 2002,

DISPONGO:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 1521/1984, do 1 de agosto, polo que se aproba a Regulamentación técnico-sanitaria dos establecementos e produtos da pesca e a acuicultura con destino ó consumo humano.*

Introdúcese unha disposición adicional no Real decreto 1521/1984, do 1 de agosto, coa seguinte redacción:

«Os requisitos desta regulamentación non se aplicarán ós produtos legalmente fabricados ou comercializados de acordo co Regulamento (CEE) número 1536/92, do 9 de xuño de 1992, nos outros estados membros da Comunidade Europea nin ós produtos orixinarios dos países da AELC, partes contratantes no Acordo sobre o Espacio Económico Europeo (EEE).

Estes produtos, sempre que non impliquen risco para a saúde, no sentido do disposto no artigo 30 do Tratado CE, ou no artigo 13 do Acordo sobre o EEE, poderán comercializarse en España coa denominación prevista polas disposicións legais, regulamentarias ou administrativas que lles son aplicables no estado membro da Comunidade do que proceden, ou no país da AELC parte contratante no Acordo EEE do cal son orixinarios, que deberá completarse co nome científico da especie de que se trate, de xeito que lle permita ó comprador coñecer a súa natureza real e distinguilo dos produtos cos cales podería confundirse.»

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ó abeiro do artigo 149.1.13.^a da Constitución, polo que se lle atribúe ó Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 22 de novembro de 2002.

JUAN CARLOS R.

O vicepresidente primeiro do Goberno
e ministro da Presidencia,
MARIANO RAJOY BREY

MINISTERIO DE TRABAJO E ASUNTOS SOCIAIS

23569 *ORDE TAS/3043/2002, do 3 de decembro, pola que se dictan normas para a aplicación do disposto no artigo 5 do Real decreto lei 7/2002, do 22 de novembro, sobre medidas reparadoras en relación co accidente do buque «Prestige», no que se refire a bonificacións no pagamento de cotas á Seguridade Social.* («BOE» 290, do 4-12-2002.)

O Real decreto lei 7/2002, do 22 de novembro, sobre medidas reparadoras en relación co accidente do buque

«Prestige», establece, no seu artigo 5, entre outras medidas ó respecto, bonificacións no pagamento das cotas á Seguridade Social nos termos que sinala o mesmo.

Pola súa vez, a disposición derradeira primeira do citado real decreto lei faculta os distintos titulares dos departamentos ministeriais, no ámbito das súas competencias, para dicta-las disposicións necesarias e establece-los prazos para a execución do establecido nese real decreto lei.

Por tanto, e co fin de asegura-la efectiva aplicación daquelas bonificacións nas cotas, previstas no artigo 5 dese real decreto lei, así como para unificar criterios na súa posta en práctica, faise necesario dicta-la oportuna disposición.

Na súa virtude, dispuxen:

Artigo 1. Bonificación no pagamento de cotas empresariais á Seguridade Social en supostos de expedientes de regulación de emprego.

1. Para efectos da bonificación do 100 por 100 no pagamento das cotas empresariais, que concederá a Tesourería Xeral da Seguridade Social e prevista no número 1 do artigo 5 do Real decreto lei 7/2002, do 22 de novembro, sobre medidas reparadoras en relación co accidente do buque «Prestige», serán de aplicación as seguintes normas:

a) As solicitudes de bonificación no pagamento de cotas deberán presentarse ben ante a autoridade laboral ante a que se segue o expediente de regulación de emprego, ben nas direccións provinciais da Tesourería Xeral da Seguridade Social ou nas súas administracións. Así mesmo, poderanse presentar na Capitanía Marítima ou na Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos da Xunta de Galicia, así como nas direccións provinciais ou locais do Instituto Social da Mariña ou, se é o caso, na Delegación ou na Subdelegación do Goberno nas provincias da Comunidade Autónoma de Galicia afectadas, ou en calquera outro dos lugares previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, para a súa remisión ó órgano competente para a concesión ou denegación da bonificación conforme a alínea c) seguinte.

Non obstante o indicado no número anterior, os empresarios que teñan autorizada a xestión centralizada de determinados trámites relacionados coa cotización e a recadación formalizarán as súas solicitudes de bonificación no pagamento de cotas, en todo caso, ante a Dirección Provincial da Tesourería Xeral da Seguridade Social ou administracións da mesma provincia en que estea autorizada a xestión centralizada.

As solicitudes de bonificación no pagamento de cotas xuntarásele, se se tiver dictado, a resolución da autoridade laboral dictada no expediente de regulación de emprego, acordando a suspensión do contrato de traballo ou a redución temporal da xornada de traballo como consecuencia da situación de forza maior a que se refire o artigo 5.1 do citado real decreto lei.

b) O prazo de presentación das solicitudes de bonificación de cotas será o dos tres meses seguintes ó da publicación da presente orde no «Boletín Oficial del Estado».

c) A concesión ou denegación da bonificación será acordada polo respectivo director provincial da Tesourería Xeral da Seguridade Social ou, se é o caso, polo director da Administración da Seguridade Social correspondente, conforme a distribución de competencias establecida para eles en materia de aprazamentos.

d) A bonificación comprenderá tanto as contribucións empresariais ás cotas da Seguridade Social por

continxencias comúns e profesionais, como as correspondentes ós conceptos de recadación conxunta en canto estean en vigor as medidas de prohibición de pesca e marisqueo adoptadas pola Comunidade Autónoma de Galicia ou pola Administración xeral do Estado, considerándose tal período como efectivamente cotizado para tódolos efectos.

A bonificación, en caso de suspensión do contrato de traballo, será do 100 por 100 e, para o suposto de redución temporal da xornada de traballo, esa bonificación será proporcional á dita redución.

e) Nestas bonificacións será de aplicación o disposto no artigo 2.1.c) desta orde.

2. As cotas bonificadas que xa fosen ingresadas, incluídas, se é o caso, as recargas e custas que se satisfixesen, serán devoltas, logo de petición dos interesados, acompañada dos documentos acreditativos do seu pagamento, nos termos e cos efectos fixados no número 2 do artigo seguinte.

Artigo 2. Bonificación no pagamento de cotas da Seguridade Social.

1. Para efectos da bonificación do 100 por 100 no pagamento das cotas da Seguridade Social ós empresarios, incluídas as contribucións dos seus traballadores e asimilados, así como ós traballadores por conta propia dedicados á actividade de pesca, marisqueo ou acuicultura, comprendidos no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar ou no réxime xeral, incluídas, se é o caso, as cotas por continxencias comúns e profesionais, así como os conceptos de recadación conxunta, e que visen paralizada a súa actividade como consecuencia das medidas de prohibición adoptadas pola Comunidade Autónoma de Galicia ou pola Administración xeral do Estado a consecuencia do accidente do buque «Prestige», bonificación esta que abranguerá o período durante o que permanezan en vigor tales medidas, conforme o artigo 5.2 do Real decreto lei 7/2002, do 22 de novembro, serán de aplicación as seguintes normas:

a) Para efectos da presentación das solicitudes de bonificación será de aplicación o disposto no número 1 do artigo anterior.

A acreditación dos danos sufridos realizarase mediante a documentación expedida para o efecto pola Capitanía Marítima ou a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos da Xunta de Galicia ou pola autoridade correspondente en función da actividade do sector, acreditativa dos danos e da localización das empresas ou explotacións afectadas ou, se é o caso, mediante resolución favorable en expediente de regulación de emprego.

No suposto de empresas incluídas no réxime xeral da Seguridade Social, a certificación terá carácter individualizado para cada empresa e será expedida pola consellería competente no seu sector de actividade, resultando suficiente que nela se faga constar que se trata dunha empresa afectada polas medidas adoptadas no Real decreto lei 7/2002, do 22 de novembro, a consecuencia do accidente do buque «Prestige».

Respecto dos empresarios e traballadores incluídos no réxime especial dos traballadores do mar, esa documentación poderase substituír por relación facilitada, se é o caso, pola Capitanía Marítima, a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos ou pola autoridade correspondente.

b) A concesión ou denegación da bonificación será acordada, no suposto de cotas do réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar, polo director provincial do Instituto Social da Mariña e, no caso de cotas do réxime xeral ou de cotas de ámbolos réximes

por parte de empresas inscritas neles, polo director provincial da Tesourería Xeral da Seguridade Social ou, se é o caso, polo director da Administración correspondente, conforme a distribución de competencias establecida para eles en materia de aprazamentos.

c) Os solicitantes ós que se lles concedese a bonificación ficarán obrigados, non obstante esta, a presentaren os documentos de cotización na mesma forma e prazos establecidos con carácter xeral, aínda cando non ingresen as cotas.

2. As solicitudes de devolución das cotas xa ingresadas e que sexan obxecto de bonificación, incluídas, se é o caso, as recargas e as custas que se satisfixesen, poderanse presentar xunto coa solicitude de concesión da bonificación e, en todo caso, dentro do prazo establecido no número 1.b) do artigo anterior, debéndose xuntar para tal efecto os documentos acreditativos do seu pagamento.

2.1 Se o que tiver dereito á devolución continuar en alta no réxime da Seguridade Social correspondente, a Tesourería Xeral da Seguridade Social, salvo manifestación expresa en contrario do interesado, poderá aplicar, total ou parcialmente, as cantidades que se devolvan ó pagamento das cotas que deba aboa-lo beneficiario a partir da data de notificación da resolución que recoñeza o dereito á devolución, facéndoo constar expresamente na dita resolución.

2.2 Se o que tiver dereito á devolución for debedor da Seguridade Social por cotas correspondentes a outros períodos, o crédito pola devolución será aplicado ó pagamento de débedas pendentes con aquela na forma que legalmente proceda, sen prexuízo do dereito daquel a solicitar aprazamento extraordinario de tódalas cotas pendentes que, deste modo, non sexan compensadas, nos termos establecidos na orde do 26 de maio de 1999, pola que se desenvolve o Regulamento xeral de recadación dos recursos do sistema da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 1637/1995, do 6 de outubro.

Artigo 3. *Acreditación dos danos causados polo accidente do buque «Prestige».*

Para efectos do disposto no artigo anterior, será suficiente para acredita-los danos sufridos que a empresa, se é o caso, obtivese resolución favorable no expediente de regulación de emprego, no suposto de que fose solicitado como consecuencia dos prexuízos causados polo accidente do buque «Prestige», ou que tanto o empresario afectado como o traballador por conta propia obtivesen a documentación acreditativa das perdas a que se refire o número 1.a) do artigo precedente.

Disposición adicional.

Nas referencias feitas ós traballadores na presente orde entenderanse incluídos tamén os socios traballadores das cooperativas encadrados no réxime xeral e réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar.

Disposición derradeira.

A presente orde entrará en vigor o día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 3 de decembro de 2002.

ZAPLANA HERNÁNDEZ-SORO

Excmo. Sr. Secretario de Estado da Seguridade Social.

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

23570 *ORDE PRE/3044/2002, do 3 de decembro, pola que se determinan os termos municipais e os núcleos de poboación onde resultan de aplicación as medidas previstas no Real decreto lei 7/2002, do 22 de novembro, sobre medidas reparadoras en relación co accidente do buque «Prestige».* («BOE» 290, do 4-12-2002.)

O Real decreto lei 7/2002, do 22 de novembro, sobre medidas reparadoras en relación co accidente do buque «Prestige», dispón, no parágrafo terceiro do seu artigo 1, que por orde do vicepresidente primeiro do Goberno e ministro da Presidencia, por proposta do delegado do Goberno en Galicia, se determinará o ámbito territorial de aplicación das medidas por referencia ós termos municipais e núcleos de poboación afectados.

Na súa virtude, por proposta do delegado do Goberno en Galicia, dispoño:

Primeiro.—Para os efectos previstos no Real decreto lei 7/2002, do 22 de novembro, sobre medidas reparadoras en relación co accidente do buque «Prestige», os termos municipais e núcleos de poboación afectados son os que figuran no anexo da presente orde.

Segundo.—Para os efectos das accións reparadoras que levarán a cabo os departamentos ministeriais competentes a que se refire o Real decreto lei 7/2002, do 22 de novembro, entenderanse tamén incluídos aqueles outros nos que para a correcta execución das obras necesarias sexan imprescindibles as actuacións dos devanditos departamentos.

Terceiro.—Esta orde entrará en vigor o mesmo día da publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 3 de decembro de 2002.

RAJOY BREY

ANEXO

Relación de termos municipais e núcleos de poboación para efectos de determina-lo ámbito de aplicación territorial do Real decreto lei 7/2002, do 22 de novembro

Ares, Arteixo, Bergondo, Betanzos, Cabana de Bergantiños, Cabanas, Camariñas, Cambre, Carballo, Cariño, Carnota, Cedeira, Cee, Corcubiión, Corme, Coruña, A, Culleredo, Dumbría, Fene, Ferrol, Fisterra, Laracha, A, Laxe, Malpica de Bergantiños, Mañón, Miño, Mugardos, Muros, Muxía, Narón, Neda, Noia, Oleiros, Ortigueira, Outes, Paderne, Ponteceso, Pontedeume, Porto do Son, Ribeira, Sada, Valdoviño e Vimianzo.

MINISTERIO DE SANIDADE E CONSUMO

23571 *REAL DECRETO 1247/2002, do 3 de decembro, polo que se regula a xestión do Fondo de cohesión sanitaria.* («BOE» 290, do 4-12-2002.)

A Lei 21/2001, do 27 de decembro, pola que se regulan as medidas fiscais e administrativas do novo sistema de financiamento das comunidades autónomas de